

A CIG-Ensino exige a negociación dos criterios para fixar as prazas de todos os procesos selectivos pendentes

O sindicato considera que a Consellaría non se pode limitar a anunciar as prazas de reposición: debe negociar a aplicación da Lei de redución da temporalidade



Na mañá do 11 de xaneiro, a Consellaría de Educación mantivo unha reunión cunha representación da CIG-Ensino, previa á comparecencia do conselleiro de Educación na que deu a coñecer a decisión da Xunta de convocar oposicións neste ano 2022 unindo as ofertas de emprego de 2021 (1.372 prazas) e 2022 (1.256). A Consellaría convocará Mesa Sectorial para tratar a OPE este venres.

Na reunión, o director e o subdirector xeral de centros e recursos humanos comunicaron a seguinte información:

- A oferta de emprego do 2022, como a de 2021, será de taxa de reposición (xubilacións, defuncións etc). Convocan polo sistema ordinario do RD 276/2007

como están facendo a práctica totalidade das CC.AA. pola inseguridade xurídica que consideran que ten a modificación proposta polo Ministerio e que se aprobe nos próximos meses.

- Teñen previsto convocar concurso de méritos excepcional, tal e como figura na Lei 20/2021 e no borrador da modificación do RD. A convocatoria non sería antes de comezo do curso 2022/23 e a súa resolución sería previa aos procesos selectivos que se convoquen para o verán de 2023.
- Están en desacordo coa proposta ministerial de unificar nun mesmo sistema de concurso oposición,

denominado extraordinario na modificación do RD, as prazas de reposición de efectivos coas de estabilización, ao entender que sería de dubidosa legalidade.

- Afirmaron estar moi preocupados polo futuro do actual sistema de listaxes do persoal interino, ao interpretar que a nova Lei podería limitar o tempo máximo de traballo temporal a 3 anos.

A CIG-EnsinO considera que o conselleiro de Educación debería agardar á reunión da Mesa Sectorial para coñecer a opinión da CIG-EnsinO e os demais sindicatos antes de lanzarse a tomar ningunha iniciativa.

Lamentamos que se fixen previamente unha regras de xogo inamovíbeis e agardaremos a coñecer a proposta concreta por especialidades antes de entrar no detalle. En todo caso, avanzamos algunhas cuestións que para o sindicato maioritario son fundamentais e que centrarán a nosa posición en todo o desenvolvemento dos diferentes procesos selectivos (prazas de oposición ordinaria e/ou extraordinaria e concurso de méritos):

- [A CIG-EnsinO xa adiantou na Mesa Docente estatal](#) a súa total desconformidade coa decisión do Ministerio de agrupar nun mesmo sistema os dous sistemas de concurso oposición (ordinario e extraordinario) ao entender que a redacción estrita da Lei 20/2021 identifica con claridade o requisito das prazas se poden convocar cales son as prazas: estar ocupadas temporalmente desde antes de xaneiro de 2018. A diferenza doutros períodos transitorios, como o de 2007 ou 2017,

agora existe unha norma con rango de Lei moi rixida na identificación das prazas. Neste sentido, a CIG-EnsinO considera que o profesorado interino e o conxunto das persoas aspirantes ao ensino público en Galiza pagan os efectos dun acordo sindical co goberno español que está pensado para outros ámbitos diferentes ao docente e para realidades diferentes ao ensino público galego.

- A CIG-EnsinO considera que as ofertas de emprego de 2021 e 2022 non poden ser usadas para desvirtuar por completo a intención de dar resposta, por moi insuficiente que sexa, ao abuso de temporalidade mediante o concurso de méritos. Así, o sindicato exixiu o compromiso da Consellaría de que a negociación dos criterios para fixar as prazas que deben saír a concurso excepcional se acometa canto antes e que a decisión final (número total de prazas e reparto por especialidades) se coñeza con anterioridade ao remate das oposicións deste verán, evitando deste xeito que se poidan ver reducidas dun xeito moi importante estas prazas. A Consellaría comprometeuse a que esa negociación se faga en tempo e forma de tal maneira que as oposicións agora convocadas non teñan efecto sobre o total das prazas a concurso.
- A CIG-EnsinO entende que se se abre unha negociación real sobre as prazas que deben saír a concurso de méritos excepcional e se fai unha oferta ampla, dando resposta ao abuso de temporalidade na docencia, estaríamos no camiño do sistema de dobre vía que

sempre defendeu o sindicato para a excepcionalidade das taxas elevadas de interinidade. Malia non estarmos de acordo co sistema de concurso, tras a publicación da Lei, buscaremos por todos os medios que os procesos selectivos dean resposta ás dúas realidades que o sindicato identificou con claridade desde hai anos: un sistema centrado en dar resposta ao abuso de temporalidade (prazas de estabilización) e outro para as prazas de reposición.

- A CIG-Ensino foi a única organización sindical que lle propuxo ao Ministerio a modificación do actual sistema ordinario (polo que se van convocar as oposicións deste ano) ao entender que está desfasado. Se se nos tivese feito caso en Madrid, estaríamos agora falando dunha convocatoria diferente e mellor acomodada á realidade do sistema educativo actual.
- A CIG-Ensino considera que a indecencia do acordo asinado por CCOO, UGT e CSIF co goberno español para reformar o EBEP (tal e como se recolle na Lei 20/2021) limitando a tres anos a duración dos contratos do persoal interino, ao tempo que mesmo se arrogan vergoñentamente a capacidade de veto a posíbeis acordos que poidan evitar esa limitación, pon en risco o actual acordo de persoal interino. De feito, no borrador da Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU) presentada polo Ministerio de Universidades (Podemos) xa figura expresamente que o profesorado universitario substituto non poderá

permanecer máis de tres anos no posto, aínda que non se incorpore o titular, facendo unha aplicación literal do acordo sindical recollido na Lei. A CIG-Ensino manterá a súa posición de defensa do actual sistema de listas mais exige da Consellaría que dea un paso adiante e negocie a inclusión dunha cláusula de estabilidade para garantir os postos de traballo do persoal interino que, partindo de criterios como unha longa interinidade ou unha idade avanzada, poida ver en risco o seu futuro tras os procesos extraordinarios, que somos conscientes de que non van dar resposta ás persoas cunha longa temporalidade, senón ás prazas que ocupan.

ADAPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO EBEP AO ÁMBITO EDUCATIVO.

A nova disposición adicional 17ª do EBEP incorporada pola Lei de redución da temporalidade incorpora unha das medidas máis lesivas pactadas por CCOO, UGT e CSIF co Goberno. Di así: *"Todo acto, pacto, acuerdo o disposición reglamentaria, así como las medidas que se adopten en su cumplimiento o desarrollo, cuyo contenido directa o indirectamente suponga el incumplimiento por parte de la Administración de los plazos máximos de permanencia como personal temporal será nulo de pleno derecho"*. Este texto fai referencia ao tempo máximo de 3 anos como persoal interino. A CIG opúxose radicalmente a esta desfeita para o persoal interino, sexa da administración que sexa. O borrador da nova Lei do Sistema Universitario recolle que o profesorado universitario substituto só poderá estar 3 anos nun posto, aínda que o seu titular non se incorpore. A CIG-Ensino demandará que no ámbito educativo a xestión do persoal interino dependa exclusivamente das CC.AA. que para algo son as que xestionan realmente o seu persoal (lembramos que o Ministerio de Educación só xestiona o profesorado de Ceuta e Melilla). En todo caso, a nosa posición é rotunda: os contratos do profesorado son anuais, polo que nunca se debe aplicar a norma descrita no acordo sindical e non se deben poñer limitacións a pactos de estabilidade para o profesorado interino, na liña do que defende en Galiza a CIG-Ensino.

OPOSICIÓN

1ª PROBA (Eliminatoria)



PARTE A: Proba práctica

Cualifícase de 0 a 10 puntos.



PARTE B: Desenvolvemento por escrito dun tema escollido pola persoa aspirante de entre un número variable de temas extraídos ao chou polo tribunal:

- ☑ Especialidades con 25 temas ou menos: 2 temas.
- ☑ Especialidades con entre 26 e 50 temas: 3 temas.
- ☑ Especialidades con máis de 50 temas: 4 temas.

Cualifícase de 0 a 10 puntos.

2ª PROBA (Eliminatoria)



PARTE A: Presentación e defensa dunha programación didáctica

Cualifícase de 0 a 10 puntos.



PARTE B: Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica

Cualifícase de 0 a 10 puntos.

NOTA DA FASE DE OPOSICIÓN: Media aritmética das puntuacións nas dúas probas, sendo necesario obter un 5 para pasar á seguinte fase

CONCURSO



O tribunal avaliará os méritos da persoa aspirante segundo o baremo recollido na convocatoria.

A puntuación máxima no concurso é de **10 puntos**: 5 puntos máximo por experiencia docente, 5 por formación académica e 2 por outros méritos.

NOTA DO CONCURSO - OPOSICIÓN: O tribunal calculará a nota final das aspirantes ponderando 2/3 a fase de oposición e 1/3 a fase de concurso. Pasa á última fase, a de prácticas, quen teña un número de orde igual ou menor que o número total de prazas asignadas ao tribunal

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal